

Mesa redonda: Cuba na literatura galega

Marcelino Fernández Mallo

Antes de nada, os meus parabéns ao Ateneo Ferrolán por este Congreso tan imprescindible... Grazas a Eliseo, a Xavier, aos asistentes.

Permitídemme que comece cunha lembranza persoal e infantil. Na miña casa existían tres territorios referencia: Ferrol por miña nai, Viveiro e Cuba por meu pai. Dos catro irmáns emigrantes na Habana, un finou no desterro, e os outros tres, após o retorno, montaron a súa vida na Coruña a pouca distancia entre eles.

Ese valor de referencia familiar obsérvase en *Gallego*, a novela que o cubano Miguel Barnet publicou en 1981. *Gallego* non pertence á literatura galega pero eu propoño adoptala. Manuel Ruiz, o seu protagonista, que fica retratado con precisión antropolóxica, afirma ao principio: “Yo me crié oyendo hablar de Cuba”. Os galegos empezamos a emigrar a Cuba dende a fundación da Habana alá polo século XVI e non paramos ata o triunfo da sublevación castrista. Velaí que escoitar falar da Illa fose unha constante repetida en moitos fogares ao longo das sucesivas xeracións.

Dicía que meu pai procedía de Viveiro. Xa sabemos que a emigración organizábase por Comarcas. O mesmo Manuel Ruiz en *Gallego* rezaba a San Roque, o patrón viveirense. Inda que no Centro Gallego de La Habana había representadas 57 asociacións comarcais. De Viveiro era igualmente Lois Tobío. En 2006 Edicións do Castro publica con carácter póstumo a súa novela *A nova vida* na cal narra a marcha do mozo protagonista Antón cara á capital antillana. Nesta novela curta, apréciase perfectamente o que Cuba significou para os galegos durante séculos:

– Ante todo, unha saída ante unha situación pésima, unha sorte de fuxida dunha ameaza certa. Pensemos que *A nova vida* sitúase nos últimos anos 30. Esa mesma sensación de alto risco ocorrera noutras épocas anteriores, cando as guerras con Marrocos, por exemplo, que foron un estímulo importante á emigración. A pura miseria constituíu o outro motivo principal como ben recolleu Rosalía en *Follas Novas*:

“Galicia está probe i á Habana me vou, ¡Adeus, adeus prendas do meu corazón!”. Lembremos que *Follas Novas* publicouse por primeira vez en Cuba, en 1880, polo editor galego residente na Illa Alexandre Chao.

– Significa igualmente a expectativa dun futuro esplendoroso, unha sorte de El Dorado ao final dunha travesía transatlántica. Novamente en *Gallego* percíbese esta ilusión: “Cuba era como ir al paraíso. En Cuba había dinero hasta en los racimos de uvas”, asevera oufano Manuel.

– E Cuba representa por último unha corrente, un fluxo. De novo Rosalía: “este vaise i aquel vaise, todos, todos se van. Galicia, sin homes quedas que te poidan traballar”. Marchar non era unha heroicidade, era o que se esperaba dos mozos. En ocasións, a sospeita pairaba sobre o que quedaba, como reflite o personaxe de Paulino en *Pallarega* (Marcelino Fernández Mallo, 2011). Tamén no *Gallego* de Barnet se aprecia esta circunstancia: “Tanto había oído hablar de Cuba, que no lo pensé dos veces. Cuba era un sueño para todo el mundo.”

En *A nova vida* de Lois Tobío descríbese o estado previo á partida, a preparación e a propia viaxe. A narración conclúe na chegada, o comezo da nova vida pola que debece Antón, o seu protagonista. En *Gallego*, os capítulos do propio índice describen o ciclo: La aldea, La travesía, La isla, La vuelta. No medio, tamén a Guerra Civil. *Pallarega* reproduce ese ciclo completo tal como así mesmo fica gravado no seu índice: *Pallarega* (a aldea), *Madrid-Morgade* (transición), *Habana* (a illa), *Morgade-Coruña* (a volta). Así era o trazado vital de tantos galegos, esta sorte de carreiro ao cal semellaban predestinados.

Ao obxecto de realizar un percorrido analítico pola influencia de Cuba na literatura galega, cómpre delimitar tres períodos: deica 1898, cando España perde o dominio sobre a Illa, de aí ata 1940, décadas de pobreza e explotación, e os anos corenta e cincuenta ata o triunfo da Revolución.

Deica 1898, a emigración foi promovida dende España para poboar as terras colonizadas. O trato que o emigrante recibía parecía con demasiada frecuencia ó da escravitude. Sempre con excepcións, por suposto. Do libro *Galegos da Habana* de

Ángela Oramas Camero, publicado en 2005 por Sotelo Blanco, extraín o seguinte parágrafo: “Este vergoñento negocio foi exercido polo ourensán Urbano Feijoo, quen trouxo a Cuba 1.744 galegos que traballaron no campo na condición de *colonos*, máis ben escravos: descalzos, case espidos, sometidos a xornadas laborais de máis de catorce horas diarias baixo o látego dos mordomos; mal alimentados e con grilos e cadeas nos pés... Feijoo era un home sen escrúpulos que se fixo rico na Junta de Fomento do goberno colonial... Este galego tivo a intención de vender mozos de Galicia a donos de plantacións de cana ou de café por 200 pesos de ouro cada un...”. Máis adiante, Ángela Oramas lémbra-nos os douscentos galegos que loitaron a carón dos cubanos na guerra da independencia contra España, exemplo incomparable do vínculo entre cubanía e galeguidade.

Hai pois grandísimo material dese período con valor literario que sen embargo a penas aproveitamos. Citaremos a Ramón Armada Teixeiro, de Ortigueira, fundador con Lugrís Freire de *A Gaita Gallega*, primeira publicación da emigración en galego. Armada escribiu a obra de teatro *Non máis emigración* recollendo parte da realidade que acabamos de mencionar, a cal constituíu a primeira obra en galego representada fóra de Galicia. Deixounos tamén o poemario *Caldo de Grelos* no que esmiuzou esa particular ligazón Cuba – Galicia.

O segundo período que identificamos abrangue as primeiras catro décadas do século XX. Durante este tempo, as condicións de pobreza seguen a dominar a presenza do emigrante na Illa pero tamén é certo que medran as oportunidades dunha vida mellor e tamén que se vai consolidando o carácter de galeguidade da comunidade que chega de Galicia. Son anos nos que se crean dúcias de publicacións na lingua autóctona como a revista *Galicia* na cal se pode ler o seguinte texto de 1915: “Por onde queira que un viaxa sempre atopa un galego. Hainos traballando no campo, na fábrica, no taller, na oficina, na cátedra, na bodega... hainos en todas partes”.

Mencionamos ao principio desta charla a novela *A nova vida* de Lois Tobío que se podería encadrar neste período. Agora habemos subliñar, por suposto, a Ramón Cabanillas, o poeta da raza, que na Habana publica *No desterro* (1913) ou *Vento mareiro* (1915); a Antón Vilar Ponte que crea a obra de teatro *Almas mortas* (1922); ou a Xosé Francisco Lesta Meis que publica a novela *Estebo* (1927). Inda que sexa

narrativa en castelán, débese citar igualmente a novela *La Gallega* (1927) del polémico periodista y escritor cubano Jesús Masdeu, que relata a malfadada experiencia dunha emigrada a principios do século. Parécenos novamente, en calquera caso, escasa colleita –poucos libros publicados– para tan boa semente literaria –as circunstancias dos emigrados durante eses anos–.

A terceira época que identificabamos corresponde ós anos corenta e cincuenta. Son, en xeral, tempos de bonanza tal como recolle a anteriormente citada revista *Galicia*, neste caso nun texto de 1948 que di: “Todo aquel que chegaba de Galicia deseguida conseguía traballo e ata aforrando cartos montaba a súa bodega”. En efecto, o que se coñecía como bodega –máis ben, en realidade, ultramarinos– resultaba ser o negocio tradicional dos galegos, como ben se verá despois en *Pallarega*. Non obstante, esa prosperidade xeneralizada debe matizarse pois seguían sendo moitos os paisanos e, sobre todo, paisanas para quen Cuba quedaba lonxe daquel ideal de promisión que imaxinaban cando a partida. A desmitificación do emigrante como individuo de éxito realízase de xeito cumprido e detallado por Neira Vilas, o autor fundamental para entender a relación literaria entre Cuba e Galicia, en especial a través dos distintos tomos da súa crónica *Memoria da Emigración*.

Nos anos 50, Cuba era un dos lugares do planeta que concentraba un maior interese. Así o recoñecía o historiador asturiano José Fernández Sánchez ao principiar o seu ensaio *Memoria de La Habana*: “Cuba en aquellos tiempos interesaba a todo el mundo”. Ao mundo desenvolvido, Estados Unidos para o cal viña sendo unha sorte de casino ou cabaret, e ao mundo miserable para o cal resultaba unha terra de promisión. *Pallarega* outrosí reflite esta realidade dicotómica cando Nicolás Traseira, o seu protagonista, entra en contacto, mesmo indesexado, cos clans ianquis aloxados no Hotel Nacional.

Cuba, ou calquera outro territorio de acollida, presenta para a literatura unha dobre perspectiva. Cuba como mero escenario dunha historia, como suma de elementos; ou Cuba como destino da emigración, isto é, o lugar onde trasladar e adaptar a idiosincrasia dos desprazados. Na obra de Xavier Alcalá observamos a aplicación de

ámbalas dúas ópticas: en *Verde oliva* Cuba é un escenario; *Habana Flash* transmite máis ben o testemuño da emigración.

Pallarega tenta buscar e implicar as dúas perspectivas dentro da mesma historia. Quere describir a realidade da Illa nos anos 50, unha sociedade convulsa ata a extenuación, unha sorte de sincretismo neurótico de múltiples colectividades que se esforzan por sobrevivir nun estado permanentemente histriónico. E por outra banda, pretende tamén continuar a traxectoria vital de Nicolás Traseira que chega dende a aldea luguesa despois de ver fracasada a súa estadía no Madrid suspicaz e alienante do franquismo.

Pallarega desexa transmitir o golpe da realidade que supón as máis das veces a experiencia emigrante. De paraíso, nada de nada: o Marqués de Comillas detense en Caracas e Nicolás pode conversar cuns galegos de distinta orixe que descansan á sombra os seus farrapos. Por que non volvedes?, pregúntalles. Como voltarmos coas roupas luxas e as mans baleiras?, responden. Parán tamén en Ciudad Trujillo onde o mozo galego entra, sen sabelo, en risco de ser detido por tráfico de droga. A aventura non fai máis que comezar.

En *Pallarega* vívese a implantación en La Habana dunha familia emigrante a cal non lle vai mal, duns homes que escollen orientacións existenciais diferentes, que asumen e se integran con naturalidade na cultura habaneira, que adoptan papeis mesmo opostos na súa relación coas mulleres da Illa. *Pallarega* pretende contrastar ademais o ambiente de progreso descontrolado, diñeiro rápido, diversión e vicio que experimenta unha parte de La Habana coas condicións de abandono, penuria e fragilidade que imperan no resto do país.

E *Pallarega*, por suposto, desvela como o emigrante mantén no cotián os seus costumes máis íntimos, o uso da súa lingua, as tradicións, as cancións populares coas que tentan mitigar a saudade pola terra de orixe. Xa no *Gallego* de Barnet ficara esclarecido o degoiro da lembranza continua. “Galicia es para mí lo que para el amante las caricias de su amada”, chega a recoñecer Manuel Ruiz quen nun ataque de patriotismo afirma (e traduzo do orixinal); “o galego que esqueceu a súa lingua é un mal agradecido e un traidor”.

Dalgún xeito, *Pallarega* ten o propósito de amosar a través da ficción a experiencia da emigración galega en Cuba nos anos 50 e ata 1959. Unha vez trunfa a Revolución, os galegos seguen a ter unha presenza activa que podería servir de proveitoso material literario. Houbo galegos no asalto ao cuartel Moncada, na Serra Maestra onde algúns perderon a vida; houbo os que entraron con Fidel en Santiago de Cuba e con Cienfuegos e o Ché Guevara en La Habana; ademais dos irmáns Castro, outros cabecillas da Revolución eran fillos de galegos, como Frank Pais ou Manuel Piñeiro Losada. En fin, moito a contar que a literatura galega, polo momento, prefire sen embargo ignorar.

ANEXO sobre *Gallego*, de Miguel Barnet

Gallego pode considerarse un clásico da literatura cubana, o cal quere dicir bastante. Barnet, etnógrafo, narrador, poeta, ensaista, está considerado un dos escritores cubanos máis sobranceiros. Especialista na chamada “novela de testemuño”, pretende ser “a conciencia da cultura cubana, a alma e a voz dos homes sen historia”. Velaí “Gallego”, levada ó cine, por certo, e traducida, por exemplo, ó alemán.

Desenvolve a traxectoria vital completa de Manuel Ruiz, natural da aldea pontevedresa de Arnosa. *“Unha idea fija cambia el destino de un hombre. A veces le temo a eso, porque yo soy terco y a la corta o a la larga me salgo con las mías. A mí nada se me puede meter en la cabeza. No le doy tiempo a las ideas; ellas vienen y las pongo en marcha. Así fue que llegué a Cuba.”* Tiña dezaseis anos. A esas idades xa eran homes.

“Gallego” é narrativa en primeira persoa. Fala o emigrante, en galego malia estar escrito en castelán. Barnet acada esa sutileza na linguaxe a través da cal as palabras se traducen pola lectura. En Manuel Ruiz lembramos a calquera dos nosos pais ou avós, o seu periplo, máis loita ca viaxe, a súa metamorfose e abnegación. Regresa a Galicia para continua-la peripecia. A Guerra Civil encóntrao en Madrid, alistándose nas “Milicias Gallegas”. *“La guerra es una escuela muy grande. Por eso yo saco la conclusión de que después de lo visto en ella, no me ha quedado nada por ver. Quien ha vivido la guerra es quien más la odia.”* Trala derrota e grazas a outros emigrantes en

Cuba, embarca de novo cara a La Habana. *“Tener un amigo es como tener un central. Esa es una verdad muy grande, no hay discusión.”* Fica en La Habana con ocupación de carpinteiro. O resto, familia e Fidel.

De entre as máis de 200 páxinas que dan forma a “Gallego”, quedo con este parágrafo: *“Ningún gallego, que sepa yo, ha olvidado Galicia, aunque no la haya vuelto a ver más nunca. Ningún gallego ha olvidado su lengua completamente. Yo, que vine a los dieciséis años, como ya dije, puedo hablar en gallego como el primer día que llegué al puerto. La lengua está pegada al cerebro desde que la oye uno de los abuelos y los padres. La mayoría de las veces, cuando yo hablo para adentro me digo las cosas en gallego: las siento más. Sobre todo si tengo que pensar mal de alguien o cagarme en su madre. El gallego que ha olvidado su lengua es un mal agradecido y un traidor. Yo tengo en mis oídos todavía las historias de mi abuelo en puro gallego, con cantos y todo. Así las conservo en mi memoria.”*